

A galega Innopharma aumenta a súa capacidade de desenvolvemento de fármacos

A Xunta de Galicia dota con cinco millóns de euros a esta plataforma nos últimos tres anos a través do Fondo de Desenvolvemento Económico e Social (FODES).

Por Redacción - 29/09/2023



A plataforma de descubrimento de fármacos Innopharma busca despertar o interese de empresas tractoras e novos profesionais, para competitividade do sector. Foto: CiMUS

A Plataforma de descubrimento de fármacos **Innopharma**, liderada desde o CiMUS da USC polos **Carracedo**, incrementou a súa capacidade e competitividade internacional. Este fito foi posible a través de 5,5 millóns de euros por parte da **Axencia Galega de Innovación (Gain)** da Xunta de Galicia nos últimos tres anos dentro do Programa Operativo FEDER Galicia 2014-2020.

Publicidade



“Con este financiamento, a Plataforma Innopharma poderá continuar cumprindo co seu obxectivo de chegar aos pacientes, ofrecendo aos grupos de investigación biomédica do Sistema Universitario de Investigación Sanitaria, así como á comunidade científica en xeral o seu apoio na **xeración de produtos de saúde**”, indicou Mabel Loza durante a súa intervención no evento de presentación da actualización e ampliación da Plataforma Innopharma.

O acto tivo lugar hoxe no CiMUS coa participación da Vicerreitora de Política Científica da USC, **Pilar Bermejo**; a directora de Gain, **Patricia Argerey**, o representante da empresa ABAC Therapeutics, **Domingo Gargallo**, e os coordinadores deste proxecto, **Ángel Carracedo** e **Mabel Loza**.

Plataforma Sostible de Altas Capacidades

Desde a súa creación a plataforma de cribado de fármacos e farmacoxenómica Innopharma incorporou as tecnoloxías más novas e punteiras, o que permitiu que se acredítase como **Plataforma de Altas Capacidades do Consorcio Europeo de Infraestruturas de Investigación do ERIC EU-OPENSCREEN**. “Os avances tecnolóxicos dos últimos anos fan necesaria a incorporación das distintas tecnoloxías e a digitalización de procesos para gañar eficiencia no proceso e reducir a xeración de residuos contaminantes”, sinala Mabel Loza.

O financiamento recibido permitiu adquirir e **actualizar o equipamento científico-técnico do proxecto**; contratar persoal especializado no manexo das novas tecnoloxías e acondicionar as instalacións ao novo equipamento adquirido.

Hi! Here some our recommendations to get the best out of BLACKBOX:

Be as clear as possible

End the question in what language you want the answer to be, e.g.: 'connect to mongodb in python'

or you can just [Go to Blackbox](#)

Here are some suggestion (choose one):

Write a function that reads data from a json file

How to delete docs from mongodb in python

Connect to mongodb in nodejs

[Ask any coding question](#)

Blackbox AI Chat is in beta and Blackbox is not liable for the content generated. By using Blackbox, you acknowledge that you agree to Blackbox's Terms and Privacy Policy



Hi! Here some our recommendations to get the best out of BLACKBOX:

Be as clear as possible

End the question in what language you want the answer to be, e.g.: 'connect to mongodb in python'

or you can just [Go to Blackbox](#)

Here are some suggestion (choose one):

Write a function that reads data from a json file

How to delete docs from mongodb in python

Connect to mongodb in nodejs

O financiamento permitirá actualizar o equipamento científico-técnico do proxecto: Foto: CiM

Loza e Carracedo explican que os fondos recibidos permitiron incorporar metodoloxías e tecnologías para el **tratamiento por Big Data**, coa finalidade de aumentar a capacidade do sistema de I+D+i gallego no desenvolvemento de fármacos en Galicia e fortalecer así o sistema sanitario galego con infraestruturas de investigación.

Ademais, esta plataforma ERIC de farmacoxenómica da USC permite a captación de proxectos internacionais e a inserción de Galicia no mapa internacional, desempeñando un papel relevante no desenvolvemento de tecnoloxías translacionais automatizadas con **infraestruturas de investigación**.

Obxectivo: automatización con infraestruturas e especialización

No que á adquisición e actualización do equipamento científico-técnico se refire incorporáronse sistemas de trabajo no laboratorio; sistemas de automatización de xestión de compostos; sistemas de autoensaio mediante a utilización de tecnoloxías de dispensación por ultrasón e sistemas automatizados de cribado de compostos. Tamén se adquiriron servidores para a análise e almacenamento de imaxes de microscopía para a análise do efecto de compostos mediante citometría de fluxo e tecnoloxía de cribado de alto rendemento por espectrometría de masas.

A actualización do equipo de fluorescencia en tempo real para a súa utilización no estudo de cribado de compostos permitiu a incorporación de novas tecnoloxías de cuantificación da actividad eléctrica das células e de xenotipado en tempo real de sistemas de refrixeración e de incubación de cultivo celular; a plataforma automatizada para a análise de células e a función mitocondria e equipamento adicional para a realización de ensaios secundarios. Ademais, tamén das novas incorporacións tecnoloxicas.

A adquisición deste novo equipamento conlevou a incorporación de persoal especializado tanto para o seu manexo, a través da contratación dun equipo de sete investigadores e **un equipo de catro especialistas** en TIC. Ademais, acondicionáronse as instalacións dacordo ás novas necesidades, adaptando os espazos e o mobiliario do laboratorio ao uso dos novos equipos.

Aumentar a competitividade do sector

Ademais de apoiar os equipos de investigación biomédica das universidades de Galicia e institutos de investigación sanitaria na creación de produtos e servizos orientados á saúde, Innopharma busca **espertar o interese de empresas tractoras** e novos profesionais para xerar emprego cualificado, aumentando a competitividade do sector.

Concretamente, a nova dotación que permite a xestión automatizada de millóns de compostos/fármacos, xa xerou un convenio de colaboración/Unidade Mixta coa compañía ABAC Therapeutics para o **cribado de coleccións de compostos** co obxectivo de identificar novas moléculas, futuros antimicrobianos, que sexan activas contra as bacterias resistentes, o que constitúe actualmente un dos principais problemas de saúde Global.

Actualmente esta plataforma consta dunha infraestrutura de alto rendemento para o cribado de fármacos, con profesionais altamente especializados, e dunha colección de **60.000 moléculas** para o desenvolvemento de proxectos neste ámbito. As súas capacidades propiciaron acordos con decenas de centros de investigación e empresas por todo o mundo.

Blackbox AI Chat is in beta and Blackbox is not liable for the content generated. By using Blackbox, you acknowledge that you agree to agree to Blackbox's Terms and Privacy Policy